

II EDICIÓN EMPRESA FAMILIAR NAS AULAS

Cluny e Divina Pastora, premios `Imaxina a túa Empresa´ 2022



Fotografía: II Edición `Imaxina a túa Empresa´. Punto GA/M.Riopa

- **O xurado salienta o compromiso ecosocial dos traballos**
- **Un total de 988 escolares participantes nas dúas edicións**

20 de xuño de 2022. Un grupo de 3 alumnos e alumnas de 4º de ESO de Santiago de Compostela do centro educativo San José Cluny e outro de 5 estudantes de Ourense do colexio Divina Pastora de 1º de bacharelato, baixo a dirección dos seus docentes, resultaron gañadores do II certame *Imaxina a túa empresa*. Os estudantes composteláns idearon unha empresa ecosostible que xera enerxía mediante máquinas deportivas nas vivendas e as rapazas ourensás unha empresa baseada na creación de espazos seguros para a mocidade e a elaboración dun *podcast* sobre saúde mental.

Os finalistas do concurso son escolares do colexio San José Cluny, CPR Manuel Peleteiro e Divina Pastora.

O presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar, Víctor Nogueira, e mailo director xerente de Afundación, Pedro Otero, entregaron hoxe os premios en Santiago de Compostela na sede de Afundación. O xurado dos premios, integrado por dous representantes da asociación e dous de Afundación, salientou o compromiso coa sociedade e o medio ambiente dos 11 proxectos empresariais creados polos alumnos. En total, 50 escolares galegos traballaron en modelos de negocio para crear unha empresa.

O proxecto para fomentar o emprendemento entre o alumnado forma parte do programa *Empresa Familiar nas aulas* no que levan participado un total de 988 estudantes entre as edicións 2021 e 2022. O programa inclúe a participación dos principais empresarios galegos en charlas en directo aos escolares e visitas educativas ás principais empresas familiares galegas.

Empresarios nas aulas

Na edición 2021, un total de 551 estudantes de ESO, bacharelato e FP de 15 centros educativos de toda Galicia participaron na *Empresa Familiar nas aulas* acompañados de 15 empresarios de primeiro nivel: Carlota López (Aresa), Tino Fernández (Altia), Yago González Babé (Babé y Cía), Eloy Martínez Pérez e Fara Pérez Bellido (Pérez Rumbao), Victor Nogueira (Nogar), Elena Pérez Canal (Aceites Abril), Raquel Cortizo e Alberto Freire (Aluminios Cortizo), Enrique Costas (Terras Gauda), Roberto Tojeiro (Gadisa-Grupo Tojeiro), Julio Iglesias García (Revi), Jesús Manuel Alonso Ecurís (Jealsa), Julio Simarro (Congalsa), José Castro Romero e Eva M^a Castro (Grupo Servicio Móvil), Ramón Alonso (Cafés Candelas) e Emilio Lostalé (Iglesias Panadería-Pastelería).

As empresas familiares representan o 92,4% do tecido empresarial de Galicia e dan emprego directo a 371.000 personas. Reforzar o coñecemento académico relacionado coa empresa, espertar a vocación profesional e abrir horizontes laborais é algo fundamental para o futuro do tecido empresarial galego.

II certame 'Imaxina a túa empresa'

ESO

GAÑADOR

SUGORI CORPORATION (A. González Bernal M. Ríos Riveiro J. Suárez-Llanos de Mera - Profesora responsable: R. Cacheda Barreiro -4º de ESO – San José Cluny, Santiago de Compostela). *Empresa que xera enerxía por medio da realización de exercicio nas vivendas.*

FINALISTAS

POP-FOOD (D. Otero Otero J. Castro Vázquez M. Bendaña Gómez N. Otero Roila - Profesor responsable: A. Pérez Cesar - 4º de ESO - CPR Manuel Peleteiro, Santiago de Compostela). *Comida rápida ecosaudable.*

OPCIBUS (A. Arza Mayer A. Pereira Alvarez A. Ponte Álvarez L. Rey Taboada D. Toimil Plaza - Profesora responsable: R. Cacheda Barreiro - 4º de ESO – San José Cluny, Santiago de Compostela). *Compañía de agricultura e loxística innovadora e ecosostible.*

Bacharelato

GAÑADOR

HAPPY HEAD (E. Mera Quintas E. Fernández Ferro B. Pacetti Arias C. Pérez Blanco P. del Valle Guede Ochoa - 1º de bacharelato - Profesor responsable: M. Alonso Martínez – Divina Pastora, Ourense). *Podcast sobre saúde mental creando espazos seguros para a mocidade.*

FINALISTAS

SOULSENSE (S. Prado Barrera L. Torres Pérez E. Méndez Cuquejo N. Iago González - 1º de bacharelato - Profesor responsable: M. Alonso Martínez – Divina Pastora, Ourense). *Compañía de venta de camisetas e suadoiros con frases icónicas para salvaguardar a música de diferentes épocas.*

SCANDAL (C. Pedrido Oddós C. Nieto Cancho E. López Rodríguez L. Nogueiras Vergara C. Laso Domínguez - 1º de bacharelato - Profesor responsable: M. Alonso Martínez – Divina Pastora, Ourense). *Empresa de organización de eventos dirixida principalmente a marcas de moda ourensás.*